



CONCELLO DE POIO

**Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio (Pontevedra)**

ACTA DA SESION CONVOCADA COMO EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE EN SUBSTITUCIÓN DO PLENO ORDINARIO APLAZADO E CONVOCADO PARA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día tres de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Luz Senra Lorenzo D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, Miguel A. Martínez Nacemento, D^a Irene Ligeró Iglesias e D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste D^a. Olga Fernández Rodríguez, en calidade de Interventora Municipal; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Ramos Díaz. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión que substitúe a ordinaria convocada válidamente para o día vinte e sete de outubro de dous mil nove e aprazada com motivo do facelemento do concelleiro D. Miguel Anxo Pazos Barros e a declaración de tres días de loito oficial acordada polo Pleno en sesión extraordinaria urxente celebrada o día vinte e sete de outubro de dos mil nove, correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día

3297.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 29/09/2009 E DO 27/10/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das actas das sesións realizadas con data 29 de setembro de 2009, núm.

428 e do 27 de outubro de 2009, num. 429, as que quedaron aprobadas por unanimidade.

3298.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que segue: "3283.- RATIFICACIÓN ACORDO XGL NUM. 6983, DE APROBACIÓN PROPOSTAS FESTAS LOCAIS ANO 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar; 3284.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 9 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse á empresa Arias Hermanos Construcciones, SL e remituse á Consellería de Cultura; 3285.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EJERCICIO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Consello e Tribunal de Contas; 3286.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2009; 3287.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE CONSTRUCCIÓN DO HOSPITAL ÚNICO DA ÁREA SANITARIA NORTE DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á presidencia da Xunta de Galicia; 3288.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A POSTA EN MARCHA URXENTE DO BONO SOCIAL DA FACTURACIÓN ELÉCTRICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Traballo e Benestar, Instituto Galego de Consumo, Comisión Nacional de Enerxía e Ministerio de Industria e Turismo; 3289.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE MANTEMENTO DA RECEPCIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS PROCEDENTES DOS MUNICIPIOS ADHERIDOS POR PARTE DE SOGAMA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e Sogama; 3290.- CONTRATACIÓN, APROBACION CERTIFICACIÓN NÚM. 10 CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ, DE ARIAS HERMANOS, SL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse á empresa Arias Hermanos Construcciones, SL e remituse á Consellería de Cultura; 3291.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NUM. 13/2009 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3292.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NUM. 14/2009 SUPLEMENTEO DE CRÉDITO FINANCIADO

CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3293.- URBANISMO, APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA 109, SITUADO EN RÚA ILLA DE TAMBO-A CAEIRA REDACTADO POLOS ARQUITECTOS S^a. SONIA ALVARADO PETIEIROS E D. ALBERTO LLANES GONZÁLEZ, VISADO O 05/08/2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Carmen Esperón Sertal; 3294.- URBANISMO, MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.”.

A Corporación dáse por enterada.

3299.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria do Concello dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3300.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NUM. 18/2009 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado de modificación orzamentaria número 18/2009 mediante transferencia de crédito para levar a cabo o investimento de acondicionamento do contorno da Casa de Cultura de Raxó por importe de 76000 €.

O expediente foi informado pola Intervención Municipal con data 13 de outubro de 2009 e sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 21 de outubro de 2009 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da providencia da alcaldía de data 9 de outubro de 2009 que di o seguinte: “ Estando próximo o remate do investimento “Construcción da Casa de Cultura de Raxó” e coñecida a necesidade de proceder a realizar o acondicionamento do entorno da mesma o cal, según proxecto solicitado ascenderá a uns 76.000,00€.

Sabendo da existencia de crédito dispoñible e que non será utilizado no presente exercicio relativo a: partida 451.62200 “Acondicionamento Casa de Cultura de Raxó” por importe de 48.000,00€ e partida 441.60100 “Construcción depósito auga” por importe de 38.347,16€ SE PROPÓN:

Que dende a Intervención municipal se emita o correspondente informe relativo a posibilidade de proceder a transferir crédito destas partidas sinaladas (que non

será utilizado no presente exercicio) por importes de 38.000,00€ en cada unha co fin de incrementar a partida 511.60100 para levar a cabo o investimento sinalado inicialmente de acondicionamento do entorno da Casa de Cultura de Raxó, por importe de 76.000,00€, nos meses restantes do presente exercicio 2009.” e do informe da Intervención Municipal de data 13 de outubro de 2009.

A Interventora Municipal explica o contido do expediente indicando que a transferencia de crédito proposta refírese á minoración das partidas de “Acondicionamento Casa Cultura de Raxó” e a de “Construcción Depósito de Auga” co fin de incrementar a partida correspondente a “Estradas, camiños vecinais e vías públicas. Investimentos e estradas e vías”.

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non subscitándose debate ningún, O pleno da corporación por unanimidade acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación orzamentaria número 18/2009 de transferencia de crédito por importe de 76000 € para levar a cabo o acondicionamento do contorno da Casa de Cultura de Raxó.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3301.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE ALTERACIÓN DAS PORCENTAXES DE EXECUCIÓN NO INVESTIMENTO “REFORMA PARA ADAPTACIÓN DO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS”.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a proposta da Concelleira de Vías e Obras de data 9 de outubro de 2009, na que solicita que polo Pleno da Corporación se autorice a alteración das porcentaxes establecidas legalmente (pasando a ser as porcentaxes de execución un 5% no presente exercicio e un 95% no seguinte) en virtude de que o investimento a levar a cabo “Reforma para adaptación do Centro de Servizos Sociais a normativa vixente” é financiado nun 90% pola Consellería de Traballo e Benestar quen establece o pagamento da subvención en dúas anualidades coas contías de 5479,51 € no exercicio 2009 e 110.975,88 € no vindeiro exercicio.

Con data 13 de outubro de 2009 e en virtude do acordo núm. 7183 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de

Goberno Local ao abeiro do disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal aprobouse a alteración das porcentaxes das contías a executar de conformidade coa proposta da concelleira reseñada.

Con data 20 de outubro de 2009 someteuse dito asunto a consideración dos membros da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte ditame: "Neste punto da orde do día elévase á consideración do presente órgano colexiado, expediente tramitado pola Intervención municipal relativo á alteración das porcentaxes fixadas para gastos plurianuais no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo coa finalidade de dar cobertura ás obras "Reforma para adaptación do Centro de Servizos Sociais á normativa vixente".

Pola secretaria dase conta aos asistentes do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria supletoria celebrada o 13 de outubro de dous mil nove, de acordo co estipulado no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, polo que dada a necesidade de xustificar antes do 15 de novembro do presente ano o importe correspondente ao exercizo 2009 nos termos da Orde do 1 de abril de 2009 da Consellería de Traballo e Benestar ó abeiro da cál outorgouse ao Concello de Poio unha axuda por importe de 103.839,35 euros para a execución das referidas obras, prestouse aprobación ao proxecto e ao expediente de contratación así como seguindo as consideracións realizadas pola Intervención municipal de 13 de outubro de 2009 e a proposta da concelleiría delegada de obras e servizos de 9 de outubro de 2009, á alteración das porcentaxes correspondendo á anualidade 2009 o 5% e ao vindeiro ano 2010, o 95% restante do importe total do proxecto.

Non suscitándose debate ningún, a Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria supletoria de 13 de outubro de 2009 de alteración de ditas porcentaxes e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún, O pleno da corporación por unanimidade acordou:

Primeiro: Ratificar a aprobación das porcentaxes das contías a executar do contrato "Reforma para adaptación do Centro de Servizos á normativa vixente" sendo a porcentaxe

a executar no presente ano exercicio do 5% e no vindeiro exercicio 95% do importe total do proxecto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación e á Intervención Municipal.

3302.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDES BONIFICACION NAS COTAS DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS DERIVADOS DOS EXPEDIENTES NUM. 469/08 E 470/08.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Manuel Esperón Buceta na que solicita que se lle conceda a bonificación do 95% do ICIO prevista no artigo 4, parágrafo 5 a) da ordenanza fiscal reguladora do ICIO para a realización das obras demolición parcial da vivenda unifamiliar sita en avda. da Cruz, 26 de Combarro e rehabilitación da mesma, en virtude dos expedientes de urbanismo num. 469/08 e 470/08, respectivamente.

Con data 20 de outubro de 2009 foi sometido a consideración dos membros da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente dos expedientes de solicitudes de bonificación nas cotas do Imposto sobre Construcción, Instalacións e Obras presentadas por D. Manuel Esperón González en virtude dos expedientes de urbanismo 469/08 e 470/09 relativos á demolición parte de vivenda e á rehabilitación da vivenda indicada en Avda. da Cruz nº 26 de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 1 de outubro de 2009 á concesión da bonificación de ata o 95% nas cotas do ICIO debendo o Pleno determinar a porcentaxe a aplicar segundo os criterios que estimen convenientes en caso de ser concedida a licenza polo órgano competente.

A Comisión por unanimidade dos membros asisitentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao pleno a aprobación da bonificación correspondente ao 95% da cotas no ICIO dos expedientes de urbanismo 469/08 e 470/08."

Non subscitándose debate ningún, O pleno da corporación por unanimidade acordou:

Primeiro: Aprobar a bonificación correspondente ao 95% das cotas do ICIO dos expedientes de urbanismo 469/08 e 470/08.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo, Intervención Municipal e ao solicitante con indicación dos recursos que procedan.

3303.- CONTRATACIÓN, SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN AVAL DEPOSITADO POR CERTIFICACIÓN DE ACOPIOS OBRA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a instancia de D^a. Susana Linguas Gil actuando en representación da empresa Arias Hermanos Construcciones, SA na que solicita a devolución do aval número 0182000593614 por importe de 38.000,00 € da Entidade BBVA, en concepto de fianza para responder do acopio de materiais das obras de "Execución da Casa de Cultura de Raxó".

Con data 20 de outubro de 2009 sométese a consideración dos membros da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo: "Dáse conta do expediente e da solicitude, da empresa Arias Hermanos Construcciones S.A. Adxudicataria das obras "Execución da Casa de Cultura de Poio", da devolución do aval n^o 0182000593614 por importe de 38.000,00 euros da entidade B.B.V.A. , do informe favorable da Intervención Municipal de data 2 de outubro de 2009, á devolución de dito aval.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún, O pleno da corporación por unanimidade acordou:

Primeiro: Proceder á devolución do aval núm. 0182000593614 por importe de 36.000,00 € da entidade BBVA depositado para garantir acopios de material correspondentes ás obras de "Execución Casa de Cultura de Raxó.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación, á intervención municipal e ao solicitante con indicación dos recursos que procedan.

3304.- MOCIÓN GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE POIO, SOBRE O COMPLETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 11/2007 PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola

Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de outubro de 2009 na que se adoptou o seguinte acordo: "Dáse conta da moción presentada polo B.N.G. De data 15 de outubro de 2009 e data de entrada neste Concello de Poio o día 15 de outubro de 2009 e que tras unha ampla exposición de motivos propón, a adopción polo Pleno, dos seguintes acordos: " 1°. Instar á Xunta de Galiza a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento, en concreto a creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a posta en funcionamento do Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións, así como tamén a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e agarantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei. 2. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza."

A Concelleira Díaz Iglesias explica que, como con posterioridade á elaboración desta moción, a Xunta de Galicia presentou unhas axudas que dan cumprimento co mandato de creación do Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións, polo que, presenta unha emenda a esta moción co fin de que se elabore unha proposta consensuada dos 3 grupos políticos para presentala ante o Pleno desta Corporación.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou aprobar a emenda a dita moción e a creación de dita comisión consensuada dos 3 grupos municipais"

Con data 23 de outubro de 2009 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello moción relativa ao completo desenvolvemento da Lei 11/2007 para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero asinada polos tres grupos políticos con representación no Concello e que forman parte da corporación na que tras ampla exposición de motivos rematan solicitando a adopción do seguinte acordo:

1°.- Instar á Xunta de Galicia a seguir traballando nesta liña e a realizar unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, así como respaldara as casas de acollida, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, o apoio ao CIMM e a formación da totalidade das e dos

profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

2º.- Instar á Xunta a que solicite ao Ministerio de Igualdade as pulseiras electrónicas para facilitarlles a aquelas vítimas de violencia de xénero que as demanden.

O Goberno estatal aprobou en xullo unha partida para dotar de pulseiras con mecanismo de detección GPS para o control de maltratadores con ordes de afastamento, que xa funcionan en comunidades como Madrid, Cataluña ou Baleares, sempre e cando o xuíz o considere necesario para protexer á muller maltratada según o nivel de risco en cada caso.

3º.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Non subscitándose debate ningún a corporación por unanimidade acordou aprobar a moción presentada nos termos indicados.

3305.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O INICIO EXPEDIENTE REBAIXA DE TAXAS ANO 2010.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de outubro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo grupo Municipal do Partido Popular de data 15 de outubro de 2009 e data de entrada neste Concello de Poio o día 15 de outubro de 2009 e que tras unha ampla exposición de motivos propón, a adopción polo Pleno, o seguinte acordo: " Que se inicie los expedientes correspondientes para la rebaja de las tasas del año 2010 en las siguientes proporciones: Basura en un 4,5%; Agua en un 1,44% y Saneamiento en un 7,29%. Compensando así toda la subida exagerada del año pasado y el IPC negativo de este año."

O Concelleiro Sr. Moldes Martínez explica o contido da moción manifestando que desde o grupo municipal do P.P. vense estando en contra das subidas desproporcionadas do ano pasado das taxas engadindo ademais a existencia dun IPC negativo polo que propoñemos unha medida excepcional de rebaixa de taxas, aproveitando precisamente que este ano en setembro temos un IPC negativo e así non debilitar máis aínda as economías domésticas dos veciños.

O Sr. Barreiro Lubián di que poderíamos por os últimos 10 anos para a comparación correcta do IPC, o prazo sería máis longo. As taxas non se incrementan soamente co IPC senón

tamén cos costes dos servizos e as circunstancias propias de cada Concello. Cando un servizo é deficitario financíase con outros impostos, dándose lugar a unha situación na que determinados veciños de Poio sufragarían así indirectamente a prestación de servizos dos que poderían non ser usuarios, hai que ter en conta os servizos e non soamente o IPC.

Non estamos de acordo con esa moción, parécenos demagogia e fora de lugar. Para o Pleno traeremos os IPC coas certificacións correspondentes do INE para que quede claro.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o grupo municipal do PSOE está na mesma liña que di Xulio engadindo que aínda que as contas non cadren o servizo hai que realizalo.

A Comisión por 4 votos a favor do P.P., ningunha abstención e 5 votos en contra do BNG e PSOE dictaminou desfavorablemente esta moción."

Comeza o turno que intervencións o Sr. Domínguez Lino expoñendo que o que se pide coa presentación desta moción é unha medida excepcional como fixeron outros concellos, entendemos que co que subiu o ano pasaso e a baixa do IPC deste ano, pensamos que se está a pagar de máis. O coste para o concello desta medida sería ao redor de 85.000 € no ano, que sería asumible.

O Sr. Barreiro Lubián di que a modificación das ordenanzas debe publicarse. Paréceme demagogia a proposta da rebaixa, o ano pasado houbo unha situación anómala no comportamento do IPC que caeu cara o final do ano. De todas as maneiras hai que ver cal é o comportamento das taxas nos últimos anos.

Deben financiarse os costes do servizo e son diferentes en cada concello. As taxas teñen que subir o que suba o coste do servizo.

Respecto ás procentaxes que non as cito, no periodo de decembro do 1992 a setembro de 1999 o IPC subiu un 66,8% e a auga subiu un 61,3%. E o saneamento no periodo do 97 ao 09 un 38,7% o que supón que as taxas subiron menos que o IPC.

O lixo de decembro de 1991 a setembro de 2009 un 75,7%, a taxa subiu un 89,3% neste caso subiu máis e nesta sala acordouse coas asociacións subir o primeiro ano un 10% e o resto 1 punto por enriba do IPC.

Tratamento de lixo: do ano 2000 a setembro do 2009 a suba do I PC un 27,9. Hai que dicir que ao ano seguinte subiron as tarifas un 28% no ano 2001. Polo que houbo unha subida de 22 puntos por enriba do IPC.

Non poden comparar unha situación de vertido de alcantarillado cando agora temos saneamento.

O custo será de 85000 € senón se teñen en cornta as subidas das empresas concesionarias dos servizos e que teñen dereiroa a elas.

Nos propoñemos unha rebaixa de 11€, sen embargo non van dicir nada da Xunta de Galicia que vai facer unha suba desorbitada no canon de saneamento que deberá informar aos veciños de Poio e espero que vostedes tamén se vaian a opoñer coma nós.

O lixo sube por enriba do IPC e os custos máis elevados son o persoal que subiu un 137% e o gaséleo que subiu un 67% e iso o van pagar os veciños de Poio.

Non vos parece que a moción sexa aceptada porque é demagóxica, fala o que interesa e oculta o que interesa.

Polo tanto non nos parece nin responsable, nin adecuada nin xusta para os veciños.

A Sra. Besada Lores di que se trata dunha moción demagóxica e enganosa para os veciños porque o PP sabe dos incrementos que vai partir da Xunta polo que estes incrementos produciron o dobre de suba para o concello. Quero felicitalo porque recoñece que sobe o paro en Galiza cando o Sr. Feijoo di que vai diminuindo.

A medida de baixar as taxas é irresponsable e temos que obrar con responsabilidade polo que imos votar en contra.

O Sr. Domínguez Lino mostra exemplos de novas da prensa de baixada de impostos en Vigo, Pontevedra, Sanxenxo, os datos do INE tamén os temos nós, pero desde o ano 95 desde que empezastes a gobernar e non pretendo entrar en política nacional.

O Sr. Barreiro Lubián di que non se pode comparar as subidas desde o ano 1995, non entendo a maneira de facelo, tamén hai anos que non soben pero non podemos coller o periodo que vaia ben.

Paréceme un erro unha rebaixa neste momento a situación económica dos concellos.

Sometido a votación a moción presentada polo Partido Popular sobre o inicio do expediente para a rebaixa das taxas para o ano 2010 este quedou rexeitada por 7 votos a favor do PP, ningunha abstención e 9 votos en contra (6 BNG e 3 PSOE).

3306.- MOCIÓN DO BNG SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción presentada por D. Xulio Barreiro Lubián, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de data 08 de outubro de 2009, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 16 de outubro de 2009, núm. 5566, para a adopción de medidas para mellorar o financiamento do Concellos.

Dita moción foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas da súa sesión ordinaria realizada o 20 de outubro de 2009 emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do P.P., dáse conta da moción presentada polo B.N.G. de data 8 de outubro de 2009 e data de entrada neste Concello de Poio o día 16 de outubro de 2009 e que tras unha ampla exposición de motivos propón, a adopción polo Pleno, dos seguintes acordos: " Instar á Xunta de Galiza a: 1. Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010. 2. A que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado. 3. A que demande do Goberno do Estado a eforma urxente do dinanciamento local, de maneir que o novo modelo incremente a contía de participación nos ingresos do Estado, e dita articipación dos concellos fgalegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, deroivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación. 4. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción matizando que é necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado así como a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galicia.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o seu grupo político vaise abster nesta votación ata que se estudie a moción antes do Pleno.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 6 abstencións do PSOE e P.P. acordou dictaminar favorablemente dito asunto."

Comeza a quenda de debate o Sr. Barreiro Lubián manifestando que a situación dos concellos é moi mala fundamentalmente por un deficiente financiamento dos fondos do estado, no que se reparte para os concellos o 12% e que é insuficiente. Por parte do BNG a través desta moción preténdese que non rebaixen o investimento xa que se perderon case 120.000 €, e que se teña en conta a dispersión da poboación e o envellecemento da mesma.

O Sr. Agís Gómez di que é sabido que os Concellos son os grandes damnificados no reparte de fondos do estado. Debería terse en conta os grandes gastos que soportan os concellos pola cercanía cos veciños.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que van apoiar a moción, pero con matices. Quen fixo os deberes foi a Xunta que garantizou que como mínimo, co fin de garantir os ingresos para o ano 2010, habería que pedir o mesmo ao estado por iso pedimos modificar os puntos no seguinte sentido:

Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado:

1º.- Garantir para o ano 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010, como se comprometeu a Xunta.

2º.- A que demande do goberno do Estado, a que elabore un plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da participación de ingresos do Estado como se vai a aplicar as comunidades autónomas.

3º.- A que demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

4º.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e ao presidente do Goberno e aos voceiros parlamentarios no Congreso e Senado.

O Sr. Barreiro Lubián di que xa dixo que levamos falando 20 anos do pacto local pero vostedes levan gobernando 16 anos.

O Sr. Agís Gomez di que o incremento de investimentos no Concello foi do goberno actual, non o goberno de Azna e desde o estado hai un compromiso de investimento brutal co Plan E e que a Xunta debería facer o mesmo que está a facer o Estado e a Deputación.

Manifesta que están de acordo coa moción e coas emendas presentadas e propón que se inclúa un punto máis, co seguinte tenor:

5º.- Que pola Xunta de Galiza se cree un plan de estímulo económico de investimento no eido Local.

Sometida a votación a moción presentada coas modificacións presentadas polo Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular e polo Grupo Municipal do PSOE esta quedou aprobada por unanimidade.

3307.- MEDIO AMBIENTE, RATIFICACIÓN DO ACORDO NUM. 7179 DA APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado ao abeiro do disposto no Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Poio para a redación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais así como do acordo núm. 7179 adoptado por razón de urxencia en virtude do disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Poio, pola Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2009 e que di textualmente: "Previa declaración de urxencia, en votación ordinaria e polo voto favorable dos cinco concelleiros presentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, dáse conta polo concelleiro delegado de Medio Ambiente da elaboración do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Poio por parte da empresa MONTES Y MEDIO AMBIENTE CONSULTORES, S.L.

Dito Plan trae causa do convenio de colaboración asinado con data 9 de abril de 2009 entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Poio.

Conforme a cláusula cuarta, a entidade local deberá aprobar o plan municipal con data máxima 15 de novembro de 2009.

A secretaria presente na sesión manifesta, dada a urxencia no seu tratamento, a imposibilidade de dar cumprimento a súa labor de asesoramento e informe de conformidade, entre outros, co disposto no art. 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A proposta do devandito concelleiro delegado e sendo necesario proceder á súa tramitación urxente, en votación ordinaria e de conformidade co establecido no artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal que permite á Xunta de Goberno Local adoptar acordos que podan estar atribuídos á competencia plenaria por razóns de urxencia, de conformidade co establecido no art. 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, do establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia e a Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes, e o disposto no art. 126.2º do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo voto favorable dos cinco concelleiros presentes, **acordou:**

Primeiro: Prestar aprobación inicial ao Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Poio, redactado pola empresa MONTES Y MEDIO AMBIENTE CONSULTORES, S.L..

Segundo: Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos da súa ratificación así como á Comisión Informativa de Urbanismo.

Terceiro: Abrir un prazo de información pública durante dez días hábiles a contar desde a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos do exame do expediente e a presentación de cantas reclamacións ou alegacións os interesados estimen por conveniente".

O expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 27 de outubro de 2009.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno por unanimidade acordou ratificar o acordo núm. 7179, adoptado por razón de urxencia, pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 13 de outubro de 2009 nos seus propios termos.

3308.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NUM. 11 CORRESPONDENTE Á OBRA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" DE ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, SA.- Previa ratificación por

unanimidade dos membros presentes da inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha, pola Secretaria dáse conta da certificación núm. 11 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 48.615,69 €, acompañada pola factura M-36000-099.

A certificación foi conformada polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz e polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 22 de outubro de 2009, na que outros extremos a ter en conta, informa da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación da certificación de obra así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 11 da obra correspondente.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e por nove votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á certificación ordinaria núm. 11 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe 48.615,69 € e factura núm. M-36000-099 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, SA., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de transmisión dos dereitos de cobro a favor de Caixa Galicia.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Turismo, así como ao Departamento de Contratación, Intervención Municipal e á empresa solicitante con indicación dos recursos que procedan.

3309.- SECRETARIA, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN PREVISTA NO ARTIGO 182 DA LEI 5/1985, DO 19 DE XUÑO, DO RÉXIME XERAL ELECTORAL.- Abre este punto da orde do día o alcalde para dar conta de que tras o falecemento do Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, Delegado de Deportes, D. Miguel Anxo Pazos Barros, o pasado día 27 de outubro de 2009 e de conformidade co disposto no artigo 182 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do

régime xeral electoral hai que proceder ao nomeamento da persoa encargada da súa substitución que en virtude do mencionado precepto correspondería ao candidato seguinte por orde de colocación na candidatura oficial presentada polo Partido Político

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria polo voto favorable dos dezaseis membros presentes tomase coñecemento do acordo e que se remita á Xunta Electoral Centralaos efectos que se proceda á expedición da credencial correspondente a nova concelleira á que corresponde cubrir a vacante, e que, a xuízo desta Corporación, corresponde a D^a. Margarita Caldas Moreira segundo a candidatura presentada polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) para as eleccións municipais realizadas o 27 de maio de 2007 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, 1 de maio de 2007 núm. 84.

MOCIÓNS URXENTES.- De confirmade co este punto preséntanse as seguintes mocións urxentes:

3310.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTLACIÓNS E OBRAS PRESENTADA POR D. JESÚS BALEA BALEA CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE 299/08.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese polo Sr. Alcalde a consideración do pleno por urxencia o presente acordo, a que quedou aprobada por unanimidade; dáse conta do expediente tramitado co motivo da concesión dunha bonificación do 95% do ICIO correspondente ao expediente de urbanismo 299/08 solicitado por D. Jesús Balea Balea de reforma de cuberta e cambio de carpintería e colocación de canlóns e baixantes en rúa Tarrío, 17 de Combarro.

Dita bonificación foi informada favorablemente pola intervención municipal con data 02 de novembro de 2009.

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal del membros, o pleno **ACORDOU:**

Primeiro: Aprobar a bonificación do 95% do ICIO das obras correspondente ao expediente de urbanismo 299/08

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de urbanismo, para que se realicen os trámites necesarios para liquidar o 5% do ICIO.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal, Departamento de Urbanismo e ao interesado con indicación dos recursos que procedan.

3311.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA PARA O PROXECTO DE SANEAMENTO REMITIDO EN XUÑO DE 2008.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese polo Sr. Alcalde a consideración do pleno por urxencia a adopción dos acordos que procedan en relación coa moción indicada quedando aprobada a urxencia por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE) e 7 votos en contra do PP, manifestando os membros do Partido Popular que non se debería de tratar por non considerala urxente.

Pola Secretaria presente na sesión procédese á dar lectura á moción presentada na que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando o seguinte: Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Augas de Galicia, para a posta en marcha do proxecto de "Redes de Saneamento nos lugares de Teinogueira, Covelo, A Seca, Andurique (Viñas) e As Testadas na Zona de Portosanto" redactado polo Concello de Poio e que foi remitido á Consellería de Medio Ambiente en xuño de 2008 con un orzamento de 592670€ e a financiación do mesmo consideradi prioritario, tal e como estaba comprometido

O Sr. Domínguez Lino di que descoñece o proxecto que se remitiu á Consellería no mes de xuño do ano pasado, e por iso manifesta que se van abster na votación final do texto da moción.

O Sr. Barreiro Lubián di que deberían ir vendo o proxecto na oficina do enxeñeiro municipal, e traerese novamente ao pleno e así remitiranse dous acordos á Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde explica que o mecanismo dos convenios non cambiou e sempre foi o mesmo con Augas de Galicia, requirían o proxecto para logo incluílo non necesitaba acordo.

Sometida a votación a moción conxunta do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego para demandar de Augas de Galicia dotación económica para o proxecto de saneamento remitido en xuño de 2008 esta quedou aprobada por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Augas de Galicia, para a posta en marcha do proxecto de "Redes de Saneamento nos lugares de Teinogueira, Covelo, A Seca, Andurique (Viñas) e As Testadas na Zona de Portosanto" redactado polo Concello de Poio e que foi remitido á Consellería de Medio Ambiente en xuño de 2008 con un orzamento de 592670€ e a financiación do mesmo consideradi prioritario, tal e como estaba comprometido

3312.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA DEMANDAR DE PORTOS DE GALICIA O CUMPRIMENTO DOS CONVENIOS PARA A EXECUCIÓN DA ZONA PORTUARIA DE RAXÓ E COVELO.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese polo Sr. Alcalde a consideración do pleno, por urxencia a adopción dos acordos que procedan en relación coa moción indicada quedando aprobada a urxencia por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE) e 7 votos en contra do PP, manifestando os membros do Partido Popular que non se debería de tratar por non considerala urxente.

Pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura a moción indicada na que tras unha exposición de motivos remátase solicitando que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo: Instar a Portos de Galicia, para a posta en marcha dos proxectos correspondentes ao Porto de Raxó e ao Porto de Covelo de acordo cos convenios asinados, e poñer no seu coñecemento que ditos proxectos non se poden executar en periodo estival por tratarse dunha zona turística.

O Sr. Alcalde explica que o convenio correspondente a estas actuacións tratouse pola Xunta de Goberno Local porque tiña que remitirse o acordo. O proxecto tiña que

facelo Portos de Galicia, os compromisos do Concello son os de sempre: disposición de terreos, reparto de cantidades...

A Sra. Besada Lores di que xa existe a autorización de Costas, non foi na campaña electora, xa estivemos en Madrid facendo negociacións polo que foi bastante elaborado e traballado.

O Sr. Domínguez Lino di que co Partido Popular non se contou e que falta saber se está consignado cos orzamentos. Presentaron o proxecto aos veciños pero non a oposición. Nos abstemonos polo motivo pero como se vai traer para o mes ahí será cando o votaremos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o Partido Popular nunca colaboraou con este goberno para levar adiante algúns proxectos, xa que a súa postura era que non se fixeran.

Sometida a votación a moción conxunta presentada polo Grupo Municipal Socialista e do Grupo Nacionalista Galego para demandar de Portos de Galiza o cumprimento dos convenios para a execución do acondicionamento da Zona Portuaria de Raxó e Covelo esta quedou aprobada por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar a Portos de Galicia, para a posta en marcha dos proxectos correspondentes ao Porto de Raxó e ao Porto de Covelo de acordo cos convenios asinados, e poñer no seu coñecemento que ditos proxectos non se poden executar en periodo estival por tratarse dunha zona turística.

3313.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O PLAN DE MOBILIDADE E ORDENACIÓN VIARIA ESTRATÉXICA DA XUNTA DE GALICIA.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese polo Sr. Alcalde a consideración do pleno, por urxencia a adopción dos acordos que procedan en relación coa moción indicada quedando aprobada a urxencia por 9 votos a favor (6 BNG e 3

PSOE) e 7 votos en contra do PP, manifestando os membros do Partido Popular que non se debería de tratar por non considerala urxente.

Pola Secretaria presente na sesión dáse lectura da moción conxunta presentada na que tras unha ampla exposición de motivos sobre o estado dos viais en Poio e ao ver que non se contemplan ningunha das actuacións necesarias do termo municipal no Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica remata solicitando que por parte da Corporación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que se contemple dentro deo actual Plan unha estrada alternativa á PO308.

2º.- Que o vial do Bao, dado o tempo que leva proxectado, sexa acometido no horizonte de dous anos.

3º.- Que o proxecto de seguridade vial redactado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas entre Andurique e a Seca, sexa acometido no ano 2010 dada a densidade de tráfico que soporta a PO308 e da perigosidade que as interseccións con este vial teñen.

4º.- Que se contemple dentro deste Plan a ampliación e mellora da seguridade vial na estrada PO303 que une Samieira coa Armenteira.

Comeza a quenda de deliberacións, o Sr. Barreiro Lubián explica que a Consellería de Medio Ambiente anunciou este plan, afectando a Poio soamente en 600 que é nun vial do Bao, e o resto dos viais de Poio non figura para nada. O preocupante é que plantexen un horizonte ata o ano 2020 polo que van perder 10 ou 12 anos e non podemos esperar ese tempo a que a Xunta teña a ben incluír a Poio.

Existía unha alternativa a PO308 no Plan Director de Estradas que parecía complicado porque levaba 6 casas, se esa alternativa segue ahí significa que ten un futuro pero neste Plan que vai ata o ano 2020 quere dicir quen on se pensa darlle unha alternativa a iso. Trátase dunha necesidade e a cuestión é se podemos ir planificando porque debería de haber un plan que contemplara esas infraestruturas e parécenos moi grave.

O vial do Bao, que mellorará a situación da Barca, plantéxase para o ano 2015 e non nos parece unha data adecuada. A estrada a Armenteira esta coma hai corenta anos.

Non se están fixando prazos pero se este é un plan que se contemplan todas estas peticións.

Non vos gusta que vos digan as cousas e se poñan de manifesto as necesidades do Concello. E tiveron dúbidas sobre se lles gusta a idea reflectida na moción. A última actuación nesa acometida fixoa o bipartito. Pode ser que en 20 anos non se fixera nada e non imos estar así outro tempo máis e solicitamos que se nos inclua neste pan.

A Sra. Besada Lores di que a alternativa Po308 non preocupa tanto como a seguridade vial. A estrada da Armenteira é tercer mundista apenas collen dous coches e en tramos anteriores (Concello de Meis, Meaño...) está perfecta.

O Sr. Alcalde di que Poio non aparece non orzamentos da Xunta para o ano 2010 e esperamos que as discriminacións que se fixeron durante tanto tempo con Poio non se volvan facer e ademais todos estes acordos xa foron adoptados con anterioridade e unanimidade.

Sometida a votación a moción conxunta presentada polo Grupo Municipal Socialista e do Grupo Nacionalista Galego sobre a aprobación do Plan de mobilidade e ordenación viaria e extratéxica esta quedou aprobada por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que se contemple dentro deo actual Plan unha estrada alternativa á P0308.

2º.- Que o vial do Bao, dado o tempo que leva proxectado, sexa acometido no horizonte de dous anos.

3º.- Que o proxecto de seguridade vial redactado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas entre Andurique e a Seca, sexa acometido no ano 2010 dada a densidade de tráfico que soporta a P0308 e da perigosidade que as interseccións con este vial teñen.

4º.- Que se contemple dentro deste Plan a ampliación e mellora da seguridade vial na estrada PO303 que une Samieira coa Armenteira.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Polo Sr. Martínez Nacemento fórmulase o seguinte rogo:

Que por parte dos técnicos municipais se xire visita ao lugar de Saiñas, onde está a gardería de Saiñas, xa que hai un muro que parece que se vai vir abaixo e que se comprobe se esta é a situación actual e de ser así que se tomen as medidas oportunas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.